



Expediente número: PLN/2017/13

BORRADOR DE ACTA

**Sesión Ordinaria 14/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 28 de decembro de 2017**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 13/2017 do 30/11/2017
2. Incremento do Límite Global das Gratificacións IV.
3. Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela.
4. Proposta Inclusión IBM - Proxecto de Compensación da Cesión da Parcela Nº5 do Polígono das Antigas Naves de Regojo.
5. Proposta Inicio de Expediente Municipal Deslinde Termos Municipais Redondela e Mos e Designación de Membros da Comisión Municipal de Deslinde do Concello de Redondela.

PARTE DE CONTROL

6. Actividades de control do pleno.
 - 6 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.
 - 6 . 2 Solicitudes de comparecencia.
 - 6 . 3 Mocións.
 - 6 . 4 Rogos e preguntas.

Páxina: 1

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 3409/2017 de data 22 de decembro de 2017, e sendo as vinte horas e catro minutos do 28 de decembro de 2017 coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro
María José Barciela Barros
María Teresa París Blanco
María del Carmen Amoedo Dasilva
Ángela Antón Pazos
Jesús Crespo López
Julio César Mougán Vázquez
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

GPM PSOE

Mauro Álvarez Castro
Ana Isabel Rey Gómez
Eduardo José Reguera Ocampo
Isaac Borja Araujo Figueroa
Leonardo Cabaleiro Couñago
Digna Rosa Rivas Gómez

GPM AER

Xosé Covelo Míguez
Noé Cano Correa
José Roberto Darriba Ferradás
Javier Bastos Devesa

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán



Asiste o interventor do Concello, sr. Ángel Santamariña Rivera; e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.

Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

1.- Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

2.- O sr. Alcalde fai dous recesos:

- ás 21:30, reiniciándose a sesión ás 21:40 horas.
- ás 21:42, reanudándose a sesión ás 22:05 horas.

PUNTOS DA ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 13/2017 do 30/11/2017

Dase conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 13/2017 do 30/11/2017.

INTERVENCIONS:

Sr. González: pregunta si pode dar explicación de voto na acta.

Secretario: di que si.

Formúlanse as seguintes cuestións por parte do sr. CANO (AER):

Páxina: 3

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



“Punto 6.2 Solicitud de comparecencia do Alcalde por parte do Grupo Municipal do PP.

Unha corrección a un erro material, na páxina 25, na intervención de AER, onde di:

“Sr Covelo (AER)”

Debera dicir:

“Sr. Cano (AER)”

Unha observación, na páxina 29, na intervención de AER, cando se fala da apertura do terceiro carril da autoestrada a carón do colexio Igrexa, no segundo parágrafo, onde di:

“Faremos forza para que non se abra”

Debera dicir:

“Conseguiremos que non se abra tendo a Mari Carmen encadeada alí facendo forza”

Sr. González: na comparecencia do sr. Alcalde decidimos non estar presentes polo numerito que montou, por iso nos abstemos.

Alcalde: foi información dada ós veciños nun pleno e que mellor sitio.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, coas rectificación dos erros materiais, por maioría dos/as concelleiros/as sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 4 de AER e 1 do concelleiro non adscrito) e 1 abstención do BNG.

Páxina: 4

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



2. Incremento do Límite Global das Gratificacións IV.

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 22/12/2017 que di:

“Que, na sesión desenvolvida o 22 de decembro de 2017 se ditaminou favorablemente cos votos a favor do PP e as abstencións da AER e do PSG-PSOE o seguinte asunto:

Asunto: Aumento da contía global da gratificación extraordinaria IV (Expte. 7289/2017).

A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar deste mes.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar os empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgado polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-20.12.17.2 de 20 de decembro que consta de catro páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 67.766,63 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

Páxina: 5

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: dá a cifra do importe e di que é necesario pagar porque se trata de horas realizadas.

Sr. González (BNG): explica que se trata do terceiro ou cuarto pleno no que por obriga legal teñen que traerse as gratificacións para aprobación plenaria. Xa superan os 22.000 euros respecto dos orzamentos de 2016. Indica que o feito de superar esta previsión responde a que houbo un aumento por unha mala xestión e pouca planificación. A xente que as fai vese na obriga de cumprir o mandato que lle traslada o equipo de goberno. A proposta non ten sentido.

Sr. Darriba: di que se segue na mesma, pagando as extras de ir ó xulgado. Pensei que ían a ver os reparos que o outro día se fixeron pero non se moven.

Sr. Cabaleiro (PSOE): di que unha vez máis traen a pleno o mesmo. É redundar nunha mala xestión do persoal, existindo gran cantidade de horas extras que se lles aboan. Indica que nesta ocasión non lle darán o apoio.

Sra. Amoedo: dille ó sr. Cabaleiro que na acta que acaba de aprobar lle dicía que non mentise cando se refería a que no goberno do bipartito non se pagaban as horas extras. No 2007 e 2008 quedaron a deber 8.400 euros en horas extras que non se pagaron ó persoal do Concello. Cando chegamos no 2011 nos atopamos con horas extras tamén sen pagar, en moitas delas faltaba o detalle e motivación das mesmas. Teñen incoherencia, cando gobernan fan o que queren. Non minto. Temos os conceptos claros, a maioría son por actuacións da policía local e temos a obriga de traer ó pleno o pago destas horas extras.

Sr. Fojo (Non Adscrito): di que non lle gusta que estas prácticas sexan habituais. É un desaguizado no que se meteron prohibindo contratacións e non tendo planificado o tema das horas extras. Vese ó longo dos meses vendo as horas extras que se fan e o seu tipo. Indica que a partir de agora non apoiarán a proposta.



Sr. González (BNG): sinala que nos informes de intervención, dende que o PP asumiu o goberno en Redondela, fóronse aumentando exponencialmente as horas extras. Dunha excepción se fixo norma. Para un ano fan un previsión que xa superaron en 22.000 euros. Existe mala planificación, por exemplo chegaron a contratar unha axencia de seguridade para ter en servizos sociais e agora está a policía local. Indica que non apoiarán a proposta.

Sr. Darriba: explica que o ámbito máis importante destas gratificacións está na seguridade, na policía local. Non nos consta que haxa un estudo ó respecto, estamos contratando permanentemente a auxiliares que algunhas cousas non poden facer. Por trámite de urxencia e necesidade poderíamos cubrir e fortalecer o cadro de persoal pero todo segue igual.

Sr. Alcalde: sinala que respecto de si se pode contratar por tema de emerxencia e urxencia, estamos en contacto permanente coa policía e sindicatos para enfocar as distintas vías nese ámbito. Non estamos parados, estamos tentando buscar solucións.

Sr. Cabaleiro (PSOE): di que a sra. Amoedo sempre conta a mesma historia. Cando gobernamos facemos unha cousa e cando non, outra. Cando gobernamos facemos leis como a de igualdade. Respecto de horas que quedasen sen pagar non me consta que ninguén denunciase a falta de pago das horas, iso é que se paga. Sinala que están a favor das horas extras cando sexa preciso facer as mesmas. Di que se absterán por responsabilidade.

Sr. Alcalde: respecto do que di sr. Cabaleiro, as horas están sen pagar. Nós tratamos de que se faga mes a mes, e non por períodos de 3 e 4 meses.

Sra. Amoedo: dille ós sres. Cabaleiro e González que foron parte do goberno bipartito, e por entón non lle pagaban ó persoal do concello nin en tempo nin en forma. Vostedes si que teñen sempre o mesmo discurso. Non se especificaban moitas horas das que se facían, esa é a responsabilidade.



VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes transcrita e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión de Economía e Facenda, **resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos presentes**, sendo 09 votos a favor do PP, 04 votos en contra de AER e 08 abstencións (06 do PSdeG-PSOE, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

3. Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos do Centro de Deportes Acuáticos de Chapela.

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Economía e Facenda na súa sesión do día 27/11/2017 que di:

“Que, na sesión desenvolvida o 27 de novembro de 2017 se ditaminou favorablemente a proposta cos votos a favor do PP, en contra de AER e BNG e as abstencións do PSG-PSOE e do concelleiro non adscrito:

Expediente 6773/2017. Modificación de Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación de servizos do Centro de deportes acuáticos de Chapela.

Visto o expediente de Concesión da xestión do Centro de deportes acuáticos de Chapela.

Tendo en conta o indicado no prego de cláusulas administrativas particulares que regulan a contratación citada con respecto ás tarifas e na necesidade de cumprir co equilibrio económico da concesión.

A Alcaldía propón que se aproben as taxas sen IVE, e que se aplique o que legalmente corresponda no seu momento.

Páxina: 8

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Así se propoñen as seguintes modificacións:

- *Modificar o apartado primeiro do artigo 5º:*

5.1 A cota desta taxa será a que figura deseguido.

SERVIZO	PREZO/MES SEN IVE(€)	
<i>Abonados/as:</i>		
Individual de mañá	22,04	
Individual xeral	25,92	
Familiar 2/3 membros	32,53	
Familiar 4 ou máis membros	36,73	
Abono especial (maiores de 65, discapacitados e ingresos reducidos).	19,94	
Cota de excedencia	8,40	
Matrícula abonado e cursillista	26,24	
Abono xuvenil (ata 18 anos inclusive)	19,94	
<i>Non abonados/as:</i>		
Entrada libre adulto (prezo/día)	6,30	
Entrada Libre neno	2,62	



CURSOS para aboados		
Cursos realizados na piscina	9,97	
CURSOS para NON aboados		
Cursos	23,09	

- *A modificación da actual Disposición Final pola seguinte:*

DISPOSICION FINAL.

A presente modificación do anexo foi aprobado polo Pleno do Concello, na súa sesión de data de de e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ó da súa publicación permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.- *A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos do Centro de deportes acuáticos de Chapela que modifica o primeiro apartado do artigo quinto e cambia a disposición final.*

SEGUNDO.- *Autorizar aos servizos correspondentes, para unha vez aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á refundición da devandita Ordenanza Fiscal.*



TERCEIRO.- *Facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.*”

INTERVENCIONS:

Sra. Amoedo: di que as taxas aumentan un 5%. Expón que esta suba é responsabilidade da oposición porque tivo a posibilidade de aprobar a prórroga e si se fixese teríanlle aforrado esta suba ós veciños e 8.000 euros ao Concello. É a realidade de ter unha oposición que non escoita ó goberno cando lles amosa a conveniencia de prorrogar un servizo.

Sr. Fojo: non sabemos como se chegou a isto, o que naceu dunha boa idea acaba noutro negocio cheo de polémicas. Neste modelo non só está o PP senón a vella escola do PSOE. Primeiro faise unha obra grande que se lle poida vender ó público como barata pero as ocorrencias veñen despois de aprobarse a obra, con subas e sobrecustos. O resultado final é que o equipo de goberno queda moi ben coa construtora, pero as instalacións son malas e con pouca xente. Finalmente os veciños acaban pagando o pato a prezo de faisán. Soben as taxas para que paguemos un pouco máis. É case inxestionable pola súa mala planificación. Discutimos a moralidade da suba, responde á avaricia dunha empresa que debería asumir eses custos. O equipo de goberno debería facer cumprir o contrato e esixir.

Sr. González: explica que a proposta de suba das taxas é unha obriga que ten o equipo de goberno de traelas a pleno porque a lei o establece así. Houbo unha mesa de contratación seguindo todo o procedemento, pero para nós o resultado final non é positivo. Se recolle que esta suba das taxas ten que ser nun prazo máximo de 6 meses dende a formalización do contrato. Di que entre electricidade, biomasa e auga, o equipo de goberno estaba obrigado a dar 120.000 euros a esta empresa.

Páxina: 11

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Di que a piscina está sobrecargada. Para nós é unha irresponsabilidade as bases do concurso público para a xestión da piscina de Chapela.

Non hai una boa xestión do servizo nestes últimos anos. Do 2015 a 2016 en número de abonados mensuais, mes a mes se baixa. É unha falta de xestión da propia empresa que non fai atractivo para os veciños utilizar este servizo. Agora se pretende compensar as perdas da concesionaria. Di que non apoiarán a proposta.

Sr. Darriba: sinala que con esta proposta do 5% de suba das taxas, llo poñen fácil á empresa que fixo un plan económico cadrase para xustificar a suba. O informe de 2016 é difícil comparalo co de 2015, aparecen moitas máis cousas. No de 2015 só hai abonados, non hai ingresos por entrada libre ou por outras cuestións. No Plan Económico que xustifica a suba propoñen uns ingresos, subindo os de abonados e por cursos, pero dan unha cantidade por ingresos distinta da que poñen na proposta económica. O persoal tiña un custo de 195.000 e agora 235.000 euros. Vostedes teñen unha responsabilidade de seguimento, os datos non nos cadran nada. O plan económico non é crible.

Sr. Álvarez (PSOE): dille á sra. Amoedo que a responsabilidade é súa porque ningún grupo da oposición formou parte da elaboración das bases. Non contaron con ningún grupo para nada. Tiñan que facer unhas bases como deberían e non continuar coas que tiñan de anos anteriores.

Di que non se poden escudar sempre nos defectos de construción, existen moitas deficiencias que non son defectos de construción. Moitas das luces que están fundidas botan meses e meses sen que ninguén as cambie. As luces de emerxencia desaparecen das escaleiras e dá igual, os equipos de son tampouco funcionan. O solo que xa foi cambiado agora estase levantando e á concesionaria non fai máis que pegar cinta adhesiva para que non se levante. O equipo de goberno non fai que se cumpran as bases técnicas e administrativas, dándolle igual. Non fixeron nada porque eses prezos non subiran. A concesionaria subirá un 4,95% do 5 que pode subir. Non é

Páxina: 12

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



responsabilidade nosa porque teríamos que participar nos órganos que elaboraron as bases.

Sra. Amoedo: di que o PSOE tería que estar avergoñado pola obra que fixeron. Con vostedes a concesión quedou dúas veces deserta, porque non había por onde collela. Repróchalle que non aprobaron a prórroga do contrato e iso significaba seguir coas mesmas tarifas e o mesmo canon, sen suba nos consumos de auga e eléctrico.

Dille ó sr. Darriba que no informe do interventor non ve ningunha obxección ó estudo económico. Temos claro que esta suba do 5% é grazas á oposición deste Concello. Esa é a realidade. Si permitiran a prórroga un ano máis non estaríamos nesta situación.

Di que na licitación esta empresa foi a única que se presentou e a mesa de contratación acordou por unanimidade dos seus membros aprobar a proposición presentada polo único licitador.

Sr. González (BNG): dille á sra. Amoedo que cando os grupos políticos ou funcionarios participan nunha mesa non hai posibilidade de emenda a unhas bases que se aproban polo Alcalde. Non houbo posibilidade de facer ningún tipo de proposta. Hai un ano e medio solicitamos informes sobre a xestión da piscina de Chapela. O que nos contestou o equipo de goberno cun informe da concesionaria foi para rirse de nós. Cando unha concesionaria tenta chulearnos, temos que esixir, pero debe ser o equipo de goberno quen llo esixa. A empresa non tivo ningún tivo de iniciativa para captar usuarios, non fixo políticas atractivas para os veciños, ten que esixirillo o equipo de goberno ós veciños.

Sr. Darriba: explica que esa función de control e comprobación non é dos servizos técnicos salvo que lle desen a orde de fiscalizar eses informes. É unha función que o goberno nin fai nin delega. Din que na auga só soben 8.000 euros, cando eles no Plan Económico poñen que custa 26.000. Anteriormente puxeron cero, quizais polo abastecemento que facía Aqualia. Nos gastos de consumo que recolle o plan tamén existen datos que chaman a atención, como que os pellets aumentaron a 24.000 euros, ou nos gastos de electricidade.

Páxina: 13

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Sr. Álvarez (PSOE): dille á sra. Amoedo que non sabe como funciona un procedemento de adxudicación público. Faleille de mantemento pero non fixo ningunha mención a isto. Fai o mesmo que fai a empresa adxudicataria, argumentar defectos na construción e deficiencias. As bases son as que fixeron vostedes, ningún dos grupos da oposición fixo parte desas bases. Vostede fala de prepotencia, avogamos por un método diferente ó seu. A realidade é que dalgún modo algo se nos escapa a todos, si a concesionaria no 2016 tiña beneficios, no 2017 con máis subvención ten que telo.

Sra. Amoedo: di que o 5% de suba que terán nas tarifas os usuarios e o sobrecusto que terá para o Concello de 10.000 euros, é grazas á oposición. Poden vir aquí a argumentar todo o que queiran sobre deficiencias, mantemento, informes económicos...; pero a realidade é que a este concurso non se presentou ningunha empresa máis con esta magnífica piscina que vostedes defenden. A concesionaria tiña previsto facer actividades como natación para bebés ou para embarazadas pero pola instalación que se fixo, non se pode facer.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes transcrita e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión de Economía e Facenda, resulta rexeitada en votación ordinaria por maioría dos presentes, e sendo 09 votos a favor do PP, 12 votos en contra (06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).



4. Proposta Inclusión IBM - Proxecto de Compensación da Cesión da Parcela Nº5 do Polígono das Antigas Naves de Regojo.

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio na súa sesión do día 22/12/2017, ditaminada favorablemente por maioría dos seus membros, e que di:

“ASUNTO: ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS. INCORPORACIÓN DE LOCAIS-PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA CESIÓN DA PARCELA Nº5 DO POLÍGONO DAS ANTIGAS NAVES DE REGOJO.

Pola presidencia dase conta da proposta do alcalde de 20/12/2017 do seguinte tenor:

“Considerando que por medio do proxecto de compensación subscrito entre o Concello de Redondela e a entidade PROFARO TERRENOS LS elevado a público en escritura autorizada polo Notario Fernando Olmedo Castañeda, o día vinteseite de xuño de 2005, número 1164 de protocolo, a entidade PROFARO TERRENOS, SL quedou obrigada a ceder gratuitamente ao Concello a finca resultante, parcela nº 2.

Considerando que por medio de compra autorizada polo notario Miguel Lucas Sánchez o día dezanove de decembro de 2012, número 2298 a entidade ALISEDA SA asumiu a posición que ostentaba a entidade PROFARO TERRENOS SL fronte ao Concello de Redondela, de cumprir a obrigación establecida no proxecto de Compensación.

Páxina: 15

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Considerando que a Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión ordinaria núm. 25 celebrada o 18/11/2016, aprobou a modificación do proxecto de compensación, no punto segundo do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data 28 de abril de 2005, subapartado 2).-, deixando libre de carga á parcela nº 2 respecto á obriga de cesión de local, manténdose inalterados os restantes termos do proxecto de compensación, quedando redactado do seguinte xeito: *Modificación introducida na ficha descritiva do predio de resultado, **parcela nº 5**, consistente en indicar expresamente que na planta baixa da edificación que se constrúa na devandita parcela se construírá e acondicionará un local dunha superficie de 300m², que se cederá, gratuitamente, a este Concello unha vez que se outorgue a licenza de obras e se realice a correspondente declaración de obra.*"

Considerando que o 23/11/2017 foi asinada ante o notario de Redondela JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ SÁEZ, a **escritura nº 973** pola que se formalizaba a modificación do proxecto de compensación e posterior **escritura n.º 974** da cesión gratuita de Bens en Cumplimento de Proxecto de Compensación do local previsto do proxecto de compensación do Polígono das Antigas Naves de Regojo sendo efectiva a cesión da parcela nº5 Fincas Registrales 31.77 e 31.779 deixando libre a Parcela nº2 inicialmente comprometida.

Resultando que as fincas cedidas son as seguintes:

1) DESCRICIÓN: Local comercial na planta baixa do edificio sen número de goberno na parroquia de Vilavella, no concello de Redondela (Pontevedra), parcela número CINCO do Proxecto de Compensación do Polígono das Antigas Naves de Regojo, de **cento noventa e catro metros cadrados con doce decímetros cadrados (194,12 m²)** de superficie. LINDA: polo NORTE, zona aporticada peatonal e co local número DOUS; OESTE, zona aporticada peatonal; polo SUR, rampa de acceso a garaxes e zona peatonal; polo ESTE, zona de acceso aos ascensores e núcleo de escaleiras do edificio e, en parte con zona peatonal.

Páxina: 16

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



INSCRICIÓN.- Inscrita no Rexistro da Propiedade de REDONDELA, tomo 710, libro 320, folio 189, finca 31.777

REFERENCIA CATASTRAL.- 2112205NG3821S0002EK

VA L O R : 160.925,00 €.

2) DESCRICIÓN: Local comercial na planta baixa do edificio sen número de goberno na parroquia de Vilavella, no concello de Redondela (Pontevedra), parcela número CINCO do Proxecto de Compensación do Poligono das Antigas Naves de Regojo, de **cento sesenta metros cadrados con vinteun decímetros cadrados (160,21 m²)** de superficie. LINDA: polo NORTE, zona aporticada peatonal; OESTE, zona aporticada peatonal; polo SUR, local comercial número UNO; polo ESTE, zona de acceso aos ascensores e núcleo de escaleiras do edificio e, en parte con zona peatonal.

INSCRICIÓN.- Inscrita no Rexistro da Propiedade de REDONDELA, tomo 710, libro 320, folio 189, finca 31.779

REFERENCIA CATASTRAL.- 2112205NG3821S0003RL

VA L O R : 132.814,00 €.

Resultando que cómpre a inclusión das fincas cedidas como bens demaniais de servizo público no Inventario Municipal de Bens, de acordo co previsto no RD 1372/1986 de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, previo ditame da comisión informativa, a adopción do acordo de incluír no Inventario Municipal de Bens as citadas fincas como ben demanial de servizo público desta administración.”

Páxina: 17

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



INTERVENCIONS:

Sra. Amoedo: explica que estes dous locais foron asinados en escritura pública despois de chegar a un acordo para cambiar as condicións anteriores. Se permutou e cambiamos por estes dous locais.

Sr. González (BNG): di que apoian esta proposta, é unha obriga e no seu momento foi unha aposta. Esperabamos que a sra. Amoedo se comprometera con prazos para que se poñan os servizos sociais. O PP non pretendía levar os servizos sociais para alí.

Sr. Cabaleiro (PSOE): dille á sra. Amoedo que chegou o momento no que ten que comprender que grazas á oposición déronse conta que nesa zona existía un local que cumpriría perfectamente.

Sra. Amoedo: dille ó sr. Cabaleiro que a realidade é que si fose por eles terían que esperar a que estivesen construídos os dous edificios que aínda non o están. A boa xestión foi do sr. Alcalde.

Sr. Covelo: pregunta si poden facer un cronograma de actuacións ou prazos para inicio. Queremos copia do proxecto da actuación, xa o pedimos e aínda non tivemos acceso.

Sr. Alcalde: di que o prazo comprometido relacionado coa finalización das obras dependerá das dificultades técnicas pero que poden facer un cronograma orientativo.

Sra. Amoedo: inclúense dentro da 2020, os prazos irán en función disto e da posibilidade de aprobar consignación orzamentaria. No 2020 estamos coa expresión de interese que é o primeiro paso.



VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes transcrita e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio, resulta aprobada por unanimidade dos presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

5.- Proposta Inicio de Expediente Municipal Deslinde Termos Municipais Redondela e Mos e Designación de Membros da Comisión Municipal de Deslinde do Concello de Redondela.

ANTECEDENTES:

Vista a proposta da comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio na súa sesión do día 22/12/2017, aprobada por maioría dos seus membros, e que di:

“ASUNTO: INICIO EXPEDIENTE MUNICIPAL DESLINDE TERMOS MUNICIPAIS REDONDELA E MOS E DESIGNACIÓN MEMBROS DA COMISIÓN MUNICIPAL DE DESLINDE DO CONCELLO DE REDONDELA.

Pola presidencia dase conta da proposta da concelleira de urbanismo e benestar social de 20/12/2017 do seguinte tenor:

“Considerando os seguintes antecedentes:

Páxina: 19

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



I. O 27.03.1940 levantouse acta operación para recoñecer liña do termo e sinalar fitos comúns a Redondela e Mos.

II. 1984-1985: replanteo da liña límite deslindes Redondela e Mos.

III. Acta correspondente á xuntanza celebrada o 2 de marzo do ano 2000 entre representantes das comisións municipais designadas polos Concellos de Mos e Redondela, na que se acorda que nun prazo de tres meses, pola Comisión Municipal do Concello de Mos se manifeste o seu acordo ou desacordo cos traballos presentados polo Instituto Xeográfico Catastral.

IV. Acordo plenario de Redondela de data 29.06.2005 polo que se acorda facer o replanteo dos termos municipais de Redondela e Mos. Non constan actuacións posteriores a este acordo plenario.

V. Escrito da directora xeral de administración local de Galicia indicando que dada a falta de documentación precisa e transcorrido un longo lapso de tempo dende o inicio das actuacións correspondentes ao ano 1999, debería seguirse de novo o procedemento que establece o art. 42 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI. Escrito do director xeral de administración local de Galicia de data 12 de marzo de 2013 (r.e. n.º 2854 o 14.03.2013) requirindo documentación.

VII. Acordo plenario do Concello de Mos de 26 de xuño de 2017 polo que se acorda designar a comisión municipal de deslinde dese Concello coa finalidade de determinar un novo límite municipal do Concello de Redondela. Considerando a necesidade de iniciar un novo expediente de deslinde dos termos municipais de Mos e Redondela

Páxina: 20

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Visto o informe emitido polo Secretario Municipal o 19.12.2017 sinalando a normativa aplicable e trámites a seguir para establecer o deslinde.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

Primeiro. Iniciar expediente municipal para deslinde dos termos municipais de Redondela e Mos.

Segundo. Designar aos seguintes membros da Comisión Municipal de Deslinde do Concello de Redondela, coa finalidade de determinar o linde municipal co Concello de Mos:

Sr. Alcalde: Javier Bas Corugeira.

Tres Concelleiros/as: un por cada grupo político municipal e suplentes.

Perito: arquitecto técnico municipal.

Secretario: o da Corporación.

Dúas persoas que pola súa idade e acreditado xuízo poidan xustificar o sitio en que estiveron os marcos ou sinais divisorias:

-Ramón Fernández Vilaboa con DNI 35.985.308Z

-Cándido Vilaboa Figueroa con DNI 35.986.440L

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos interesados, ao Concello de Mos e á Dirección Xeral do Catastro.”



INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: expón que recibiron do Concello de Mos escrito de inicio de expediente por parte deles, agora nós temos que iniciar o expediente e designar a Comisión. Están como membros o Alcalde, tres concelleiros -un por grupo- , secretario municipal, perito e dúas persoas que están afincadas na zona e que representan á Comunidade de Montes. O noso interese tamén é facer o deslinde co resto dos concellos limítrofes.

Sr. González: votamos en contra da proposta na comisión porque nos xurdiron dúbidas. Aquí hai catro grupos políticos e non adscrito, e só poden ir tres concelleiros.

Sr. Cano (AER): tamén temos dúbidas como expuxo o sr. González. A nosa pregunta é que criterios tivo en conta o equipo de goberno para escoller ás persoas. Pregunta si se designarán suplentes. Outra dúbida é si existiu resposta sobre a solicitude de información que lle fixo o Concello de Redondela a Mos.

Sr. Cabaleiro (PSOE): estamos de acordo en fixar límites claros dos lindes cos Concellos limítrofes. Non temos dúbida coas dúas persoas que nomean porque coñecen e teñen experiencia, pero temos dúbida respecto do reparto dos representantes dos grupos políticos.

Sra. Amoedo: respecto dos representantes políticos entendemos que teñen que ser por orde do número de concelleiros que se teñen na corporación. PP, PSOE e AER.

Sr. Cano: preguntamos respecto da información que se lle pediu a Mos.

Sr. González: respecto ós representantes perdeuse unha boa oportunidade de que os Consellos Parroquiais formaran parte deste nomeamento. Tamén pensabamos que estarían representantes da parroquia de Saxamonde.



Sr. Cano: fai referencia ás datas nas que solicitou Mos a información. Pregunta si se designarán suplentes. Cremos máis correcto que sexan de Vilar. Lamentamos que non se levara ó Consello Forestal. Non estamos de acordo coa designación que fai o PP. O PP xa está representado polo Alcalde, debería ser un por PSOE, AER e BNG.

Sr. Cabaleiro: do que se trata é de facer un xesto. Cremos que a proposta de AER está ben, un do PP que é o Alcalde, e un de cada grupo político excepto o PP.

Sra. Amoedo: o PP é o que ten maior representación e é bastante razoable que teña un concelleiro, é unha comisión de deslinde e trataremos de buscar consenso. As persoas son de Vilar e teñen moito coñecemento.

Sr. Cabaleiro: aclaro que para levarse a cabo ten que aprobarse por maioría absoluta.

O sr. Alcalde, sendo as 21:30 horas acorda un receso para falar deste tema. Sendo as 21:40 horas reiníciase a sesión.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes transcrita e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio, resulta rexeitada en votación ordinaria por maioría dos presentes, sendo 09 votos a favor do PP, e 12 abstencións (06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito). Para adoptar este acordo precisábase maioría absoluta do número legal de membros que compoñen o pleno da corporación.



O sr. Alcalde, sendo as 21:42 horas acorda un receso na sesión. Sendo as 22:05 horas reiníciase.

PARTE DE CONTROL

6. Actividades de control do pleno.

6.1 Dar conta das resolucións de alcaldía.

O sr. Darriba di que existe unha resolución na que hai falta de respecto a alguén. Di que pode dar a referencia da resolución.

O sr. Alcalde responde que o mirarán.

O pleno queda informado das resolucións de Alcaldía. Non se producen intervencións.

6.2 Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

6.3 Mocións.

6.3.1 Moción do BNG Rexeitando as Grandes Superficies Comerciais.

ANTECEDENTES:

Moción do BNG do día 13.12.2017 con número 2017-E-RC-17.966 que se transcribe a continuación:

Páxina: 24

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



“No Concello de Vigo existe un proxecto de construción dun macrocomplexo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiríños-Cabral, promovido por Eurofund Investments.

A instalación deste macrocentro comercial suporía un golpe moi duro para o sector do pequeno comercio e de proximidade, coa perda estimada duns 6.000 empregos, un problema que afectará a Vigo pero, especialmente, ao pequeno comercio dos concellos limítrofes, como no caso do concello de Redondela. Un dos sectores da nosa economía local, que máis postos de traballo xenera, vería comprometido o seu futuro.

No BNG coincidimos coa plataforma ne defensa do comercio local, recentemente constituída, en que esta tema é un poblema para todos os concellos da contorna de Vigo xa que afectará, en termos xerais, a uns 20.000 negocios. As grandes áreas comerciais ademais de arrasar co comercio local, contribúen á perda de postos de traballo , fomentando a precarización do emprego no sector comercial.

A xuízo do BNG existen moitas razóns para desbotar un proxecto especulativo como o denominado “Porto Cabral”:

a) Ambientais: posto que a ocupación de aproximadamente 600.000 m2 de monte na parroquia viguesa de Cabral vai ter un forte impacto nun espazo de grande valor social e paisaxístico.

b) Urbanísticas: porque utiliza a planificación urbanística para favorecer a especulación e a desfeita do territorio, no canto de promover unha ordenación racional e a protección dos usos sociais do monte.

c) Económicas: pola destrución do tecido económico local que provocan as grandes superficies comerciais, que ademais levan a maior parte dos seus beneficios para fóra de Galiza.



A Xunta de Galiza, asume competencias na lexislación que regulariza a instalación deste tipo de grandes superficies no noso País. Polo tanto debería desenvolver un plan sectorial de equipamentos comerciais, co obxecto de ordenar a oferta comercial e defender o comercio local e de proximidade.

Por estes motivos, o Grupo Municipal do BNG de Redondela, solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a aprobar unha moratoria de dez anos na concesión de licenzas para grandes áreas comerciais.

2. Instar á Xunta de Galiza a desenvolver un plan sectorial de equipamentos comerciais en Galiza, a xeito de ordenar a oferta comercial e a defensa do comercio de proximidade.”

INTERVENCIONS:

Sr. González: explica que o Concello de Redondela resulta directamente afectado pola área de influencia de Vigo. Di que hai unha proposta nos últimos meses de instalación dunha nova área comercial na zona de Cabral, na zona do Monte, que trae moito debate. Compartimos as preocupacións dos comerciantes. No caso de que esta instalación fose para adiante poñería en risco cerca de 6.000 empregos. No caso de que Porto Cabral fose adiante se actúa negativamente en tres aspectos: ambientais, urbanísticos con ata 70 vivendas que poden ser derrubadas, e económicos coa incidencia negativa para os comerciantes. Dende Redondela quedará próximo e dende Chapelá tamén supoñerá un máis dos competidores para a súa actividade comercial. En Vigo hai 8 grandes superficies comerciais; hai novas que se están abrindo. É un pau importante para a actividade comercial e novo comercio. Para nós é importante manter este sector porque dinamiza os cascos urbanos e non acabar como cidade dormitorio.

Páxina: 26

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Hai unha administración que é a responsable en canto a leis e autorizacións que é a Xunta de Galicia. Por iso instamos a -dá lectura dos puntos 1 e 2 da moción-. Para nós son dous elementos moi importantes, é un problema o crecemento descontrolado das áreas comerciais que van en contra nosa e dos cascos urbanos.

Sr. Fojo: para nós este tema é moi grave, sabemos que se verá afectado o pequeno comercio local, zonas verdes que se desfarán cargándose o monte comunal de Cabral. Detrás disto están os mesmos actores de sempre e tamén Abel Caballero. Política neoliberal: destruír zonas verdes para facer un gran parque comercial de consumo. Véndennos o consumo irracional en vez de defender a terra e as zonas verdes. Rescato unhas fermosas palabras dun mancomuneiro de Cabral: non somos propietarios do monte senón titulares, a nosa obriga é mantelo para os que veñan. Neste caso instalaríase un negocio en mans privadas. Aquí o Concello de Vigo fai de promotor comercial dunha empresa que é PORTO CABRAL S.L. que se quere facer cun montón de metros cadrados sen pasar por un concurso público. Estamos en contra deste modelo de negocio.

Sr. Cano (AER): estamos a favor da moción. Este proxecto de Porto Cabral tivo rechazo da veciñanza. A Plataforma de Cabral representa a maior parte do comercio local e este comercio dá traballo a unhas 30.000 persoas. Con este proxecto tamén se destruírían zonas verdes e ao mesmo tempo, aumentaría o uso do vehículo privado. Obrigaríase a construción de viais e infraestruturas. A Asemblea de comuneiros de Cabral votou en contra deste proxecto co 90% no 2013.

Dende AER defendemos o comercio local, crea traballos máis estables, distribúe a riqueza... O diñeiro gastado no comercio local circula no pobo. Un terzo dos produtos que mercamos nos centros comerciais remata no lixo.

Páxina: 27

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Sr. Cabaleiro (PSOE): indica que a aposta polo comercio de proximidade é un dos eixes programáticos nas políticas socialistas. Traballamos porque remate o abandono do comercio local. A gran empresa e o tipo de contratos que se fan supón que moitos sexan precarios e de baixa calidade. Entendemos necesarias propostas de dinamizar o comercio local con proxectos e cartos para que se poidan relanzar: como mellorar o local, os escaparates máis atractivos, poñer en valor as Prazas de Abastos, etc. Respecto da moción solicitamos ó voceiro do BNG si lle parece ben si a podemos votar por puntos. No punto 1º fala de moratoria de dez anos ¿porque 10 anos?

Sra. Amoedo: apoiaremos esta moción porque entendemos que debe ser prioritario o apoio ó comercio local de Redondela. É un proxecto dunha magnitude importante e está tendo unha oposición clara. O PSOE de Vigo o apoia, incluso no PXOM estaba contemplado. Este Concello fai políticas para defender o noso comercio en Redondela. Queremos dar traslado ao Concello de Vigo para que saiba que o Concello de Redondela defende ós seus comerciantes. Pídolle ó sr. González incluír un punto máis que sería dar traslado deste acordo ó Concello de Vigo.

Sr. González: sinala que á proposta da voceira do PP en principio non lle ve problema, pero hai que ser un pouco congruente. Non foron á reunión da Mancomunidade e podían expoñerllo a Caballero. Explica que o BNG respecto do PXOM sempre propuña equipamentos públicos pero non para fondos buitres. O PP en Vigo votou en contra desta moción. As asociacións de comerciantes foron ó Parlamento Galego, e por entón os grupos dixeron que estaban en contra.

A postura do PSOE para nós supón dúbidas, defenden o comercio local e espazos abertos; o dos dez anos é un prazo que nós consideramos amplo para que se instaure outra política de grandes superficies. Esta dos dez anos foi unha proposta que levou o BNG ó Parlamento no 2013 e non contamos co apoio de todo o mundo. Instamos á Xunta de Galicia que é quen ten as competencias. A proposta que fai o PP é ridícula pero tampouco lle poñeremos problemas. A proposta do PSOE pensamos que se debe votar conxunta.

Páxina: 28

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Sr. Cano (AER): non se mostrou a capacidade das grandes superficies respecto da calidade e estabilidade do traballo. Cada dous traballos en grandes superficies destrúen tres no comercio local. Aínda que conviven grandes superficies co comercio local, é innegable a contradición entre os dous modelos. Nas grandes superficies existen traballos precarios con produtos en empresas que producen en condicións de explotación. Estados Unidos agora tamén afronta o maior peche de grandes superficies. É un erro ir nesta liña. Apostar polo pequeno comercio é unha aposta lícita e ecolóxica. Os comercios de barrio contan con produtos locais e de calidade.

Sr. Cabaleiro (PSOE): sinala que si o voceiro do BNG admite a proposta do PP de que se inste a Vigo, por proximidade tamén se debería facer ao Concello de Mos. Di que o PP de Redondela non fixo polo comercio local ningunha gran actuación no Concello. Nesta datas de Nadal dá pena, non fai nada o goberno de Redondela por traer ós veciños e veciñas. Hai que facerlle entender ós comerciantes que non só poden competir en prezo, senón tamén en calidade. Estamos a favor da moción, que diga o voceiro do BNG si a podemos votar por puntos. Non nos quedou claro o motivo dos 10 anos ou outra temporalidade.

Sra. Amoedo: dille ó sr. Cabaleiro que non lle pode dicir que non apoian ó comercio de Redondela porque iso significa que non vai polo comercio de Redondela ou non ve as campañas. Engade que no 2020 tamén hai unha idea específica de mellorar o comercio de proximidade en Redondela.

Di que teñen que darlle coñecemento a Vigo deste acordo porque é parte interesada.

Explica que respecto do que fixo o Concello en canto a comercio local: OUTLET en setembro, artistas na rúa, actividades en todo o verán para que a xente quede en Redondela, feiras dentro do Nadal, etc.

O noso punto a incluír sería dar traslado do acordo tomado ó Concello de Vigo.



Sr. González: estamos falando de Porto Cabral basicamente, e afecta a Vigo. Dille ó PSOE que prefiren votala en conxunto.

Esta moción a quen máis axuda é ó comercio de Redondela. Hai consenso, o Alcalde defenderá o pequeno comercio. Consideramos que o pequeno comercio é unha das bases do desenvolvemento da economía local. Redondela ten que ofrecer un entorno amable. Para nós é importante que haxa consenso.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a moción antes transcrita coa emenda do PP, resulta aprobada por unanimidade, sendo 21 votos a favor (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

A parte resolutiva da moción aprobada queda do seguinte xeito:

1. Instar á Xunta de Galiza a aprobar unha moratoria de dez anos na concesión de licenzas para grandes áreas comerciais.
2. Instar á Xunta de Galiza a desenvolver un plan sectorial de equipamentos comerciais en Galiza, a xeito de ordenar a oferta comercial e a defensa do comercio de proximidade.
3. Dar traslado deste acordo ó Concello de Vigo.

6.3.2 Moción de AER en Defensa do río Verduxo e dos Bancos Marisqueiros.

ANTECEDENTES:

Moción de AER do día 20.12.2017 con número 2017-E-RE-760 que se transcribe a continuación:

Páxina: 30

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



“É propio de certos políticos amosar un cóctel entre total descoñecemento e prepotencia que os levan a tomar decisións de consecuencias imprevisibles e moitas veces irreparables. Co anunciado transvasamento do Verduxo AER considera que nos atopamos nun deses casos.

Durante anos vense advertindo da problemática da escaseza da auga e da necesidade de poñer remedio a un uso abusivo dela. A concienciación debe ir máis alá de certas campañas publicitarias. Aquí parece que todo se arranxa gastando cartos en publicidade.

Como se xestiona a auga? O primeiro que hai que dicir é que non existe control algún sobre as empresas concesionarias nin do seu deber de mantemento para evitar fugas. Descoñecemos canta auga se perde inutilmente durante o ano. Un exemplo recente témolo en Chapela, onde unhas instalacións sen renovar e manifestamente deterioradas deron lugar a unha importante fuga por mor dunha avaría. Que responsabilidade ten a empresa concesionaria? Ningunha, que se saiba. Contamos con sistemas tarifarios cun canon que facilita un cobro substancial moi por enriba do que supón o pago por consumo. Os pagos dos usuarios compensa os gastos da empresa na compra da auga, de xeito tal que os usuarios pagan incluso a auga que a empresa concesionaria perde nas fugas da súa responsabilidade. Esta é unha consecuencia da privatización deste tipo de servizos básicos.

O consumo persoal e familiar non propicia o aforro de auga na medida en que o exceso de gasto inflúe moi pouco no prezo que pagamos. As medidas de aforro por parte das institucións públicas só se poñen de manifesto en situacións coma a actual, de escaseza, cando debería ser a norma e mesmo unha actitude de pedagogía social respecto da veciñanza. Nesta ocasión concellos como Redondela ou Vigo estiveron baldeando rúas durante meses a pesares de existir preavisos de que estíbese entrando nunha sequía prolongada, e foron nos últimos meses cando xa se tomaron medidas tardías de cara a minimizar os gastos do recursos de xeito innecesario. Outro exemplo da despreocupación total dos servizo privatizado que xestiona a auga nos diferentes concellos e da irresponsabilidade na supervisión dalgúns destes gobernos locais, foi que ningún usuario recibiu indicacións directas de cara á

Páxina: 31

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



redución e control do consumo que viñan realizando, así polo menos acontece en Redondela. Feito este que contrasta co das comunidades de augas das parroquias autoxestionadas onde xa levaban meses con controis e limitacións de cara a que os socios usuarios regulasen o seu consumo de auga. Na Agrupación de Electrores de Redondela consideramos que nun tema tan sensible coma este, non se pode xestionar nin pola Xunta de Galicia nin polos gobernos locais responsables do subministro de auga, dun xeito totalmente improvisado sen unha planificación preventiva previa nin o que é peor, sen un plan de emerxencia viable e sensato para cando se dean situación de extrema gravidade como a presente e esquecéndose por completo dos necesarios estudos de impacto ambiental.

Agora preténdese adoptar unha medida na que a ignorancia só é equiparable coa ousadía. Fálase de caudais ecolóxicos como se fora unha simple cuestión de cantidade de auga, descoñecendo que o equilibrio ecolóxico non só depende da cantidade senón tamén da época do ano. Resulta evidente o estrés que están a padecer as comunidades biolóxicas dos ríos nesta época do ano onde as chuvias non dan chegado. Así pois, non é o mesmo o caudal actual no mes de agosto que en decembro. É ben sabido que as plantas e animais adáptanse segundo a estación, mantendo ciclos axeitados a cada época do ano. Menor caudal podería incluso ser soportado en agosto, pero non en decembro. Os ecosistemas dos nosos ríos están a ter un fin de ano malo e quérenllo poñer peor.

Debemos ademais incluír neses efectos aos bancos marisqueiros como elemento ecoloxicamente vinculado aos réximes pluviais e aos subministro de auga doce dende os ríos do fondo da nosa Ría.

O peor do atrevemento da medida que se pretende levar adiante é o descoñecer os efectos irreversibles que poden acontecer cun máis que previsible desequilibrio ecolóxico. Cando un sistema se desequilibra, vemos como empeza; pero as máis das veces descoñecemos como acaba.



Por estes motivos, dende AER considérase necesario dar apoio ás diferentes manifestacións en contra do transvasamento de auga que se pretende facer do río Verduxo ao encoro de Eiras.

Por todo o anteriormente exposto, propóñense ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes, ACORDOS:

1º Que o concello de Redondela curse unha denuncia contra á Xunta de Galicia por delito ambiental e por agredir o ecosistema do río Verduxo e dos nosos bancos marisqueiros sen sequera estudos de impacto ambiental.

2º Que o concello de Redondela empregue os seus servizos xurídicos e tódolos mecanismos legais e administrativos existentes para defender os seus veciños e os seus sectores marisqueiros da agresión que suporía este transvase.

3º O concello de Redondela se dirixa a Augas de Galicia, a Presidencia da Xunta e a Consellería de Medio Ambiente esixindo a inmediata paralización deste transvase e a procura de solucións sensatas, ecolóxicas e sostibles para a xestión da auga na nosa contorna.

4º Que o concello de Redondela denuncie á Xunta de Galicia por empregar a vía administrativa de urxencia para impoñer este transvase sen se dar os requisitos na lexislación vixente.

5º Que o concello de Redondela apoie ás diferentes manifestacións en contra do transvasamento de auga que se pretende facer do río Verduxo.

6º Que o concello de Redondela tome as medidas oportunas para que a empresa concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento, Saneamento e Depuración de Augas Residuais, detecte e acometa de xeito inmediato tódalas actuacións necesarias para a reparación das fugas de auga da rede municipal de abastecemento.”



INTERVENCIONES:

Sr. Covelo: dá lectura da moción.

Sr. Fojo: agora falamos de cargarnos a Ría de Vigo e o sistema económico que depende dela.

Calificar o transvasamento de urxente sen estudo ambiental é pasarse. Cando ven obras importantes póñense cegos. Á Xunta e estes organismos impórtalles pouco. Hai que facer cumprir os pregos de condicións. Temos verteduras directas á Ría de Vigo, Augas Fecais, saídas directas. Andiveron moi finos cando se trata de privatizar estes servizos. Moita privatización e man blanda con estas empresas. É necesario concienciarse dun mellor uso das augas, control das fugas, uso da auga da choiva... Existen moitas medidas máis intelixentes e máis sostibles que este transvasamento. Non podemos permitir estes delitos ecolóxicos.

Sr. González (BNG): di que este transvasamento supón un atentado contra os recursos naturais e contra o sector económico marisqueiro. É unha acción que inicia o Alcalde de Vigo pero por omisión a Xunta de Galicia está de acordo con esta proposta. Estamos nun cambio de ciclo medioambiental moi importante, con cambio de mentalidades do uso e da xestión da auga. A choiva que caeu mitiga un pouco esta problemática. Hai que saber consumir a auga. Consideramos que hai que apoiar que se pare este proxecto que sería para catro ou cinco meses e hai que demandar planificación por parte da Xunta; as administracións locais teñen que propoñer plans de mellora e de consumo. Deben poñerse en marcha novas políticas e non estar parado como fixo o Concello de Redondela. Pedimos dous novos puntos nos acordos: que o Concello de Redondela poña en marcha un plan de medidas de aforro e uso da auga. E que poña en marcha un plan de aforro e subministración nas diferentes parroquias. Todos somos coñecedores de que hai escaseza moi grande nestas parroquias.



Sr. Cabaleiro (PSOE): temos a dúbida de si o transvasamento solucionará os problemas. A Xunta di que non dá marcha atrás no proxecto e debe aprobarse por urxencia. Augas de Galicia dá o OK. Pero as cousas non se poden facer así, sen estudos técnicos e sen informes. En Redondela temos que preocuparnos porque sempre saia auga.

Estamos dándonos conta de que o cambio climático supón que fagamos un uso responsable da auga. A cidadanía cada vez se dá máis conta. Redondela leva consumindo auga dende hai moitos anos da traída de Vigo, moitas veces hai que ser solidarios. Pero tamén hai que ver porque tanta urxencia neste proxecto, podemos facer mellor as cousas.

A auga é un ben público. Ten que ser xusto e equilibrado o seu uso. Augas de Galicia ten que investir, xa sabemos que en Redondela non investiu nada.

Queríamos facer unha emenda ó punto 2º. Dan traslado en nota escrita da emenda que propoñen:

“2º Que o Concello de Redondela empregue os seus servizos xurídicos e tódolos mecanismos legais e administrativos existentes para defender os seus veciños e os seus sectores marisqueiros cando supoña unha agresión segundo os informes técnicos deste trasvase.”

Sr. Alcalde: explica que na xornada de hoxe tivo lugar unha xuntanza en Santiago á que a asistiron sra. Amoedo e o concelleiro de medio ambiente; tamén asistiron os grupos máis representados, Vigo, Augas de Galicia e Presidente da Xunta.

Sra. Amoedo: indica que na xuntanza estaban todos os concellos afectados pola situación do abastecemento da auga. A conclusión da xuntanza foi que a pesar do que choveu seguimos tendo carencia de auga. Podemos ter auga nun embalse determinado pero seguimos sen ter a suficiente cantidade. O cambio climático estase comezando a notar en Galicia. Aquí fálase de transvasamento pero do que se fala en todo momento é da captación en zonas determinadas onde xa hai unha captación de metros cúbicos por segundo e agora se propón

Páxina: 35

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



unha nova captación. O Concello de Redondela o que pediu é que se emitan os informes técnicos pertinentes. O convenio de Vigo e Augas de Galicia aínda non está asinado. Vigo poñerá o 80%.

A nosa proposta é deixar esta moción enriba da mesa.

Agora non falamos de deixar unha zona sen auga, senón facer pequenas captacións.

Sr. Covelo (AER): é un tema que nos viña preocupando, existindo movementos en Pontecaldelas e Soutomaior. Agradecer á formación política que en Soutomaior aprobou unha moción similar. Da pouca auga que levaba o Verduxo, propuñan o 0,35 de metros cúbicos pero non era sobre o caudal normal que debería levar o Verduxo, porque tiña menos auga. A finais de setembro estaba ó 70 e pico por cento o embalse. En outubro estaba cerca do 40 por cento. O embalse de Eiras en dous meses baleirábase. As fugas e perdas son de moito volume en moitos concellos, hai que investir máis. Por expertos fálase dos problemas que poden darse, como por exemplo para os bancos marisqueiros.

Sr. Fojo: di que si se trata de menos caudal de captación o que se vai sacar, precisamente con outras medidas poderíase obter ese menor caudal. Non nos fiamos da Xunta. Apoiaremos a moción.

Sr. González (BNG): di que existen feitos consumados e o transvase farase porque xa hai convenio. Difícil deter esta cuestión. Quixera recordarlle á Concelleira as competencias de Augas de Galicia (enumera algunhas), esta máxima autoridade para tomar medidas non fixo absolutamente nada. Dende Vigo tampouco se tomaron medidas como as que falabamos do consumo de auga. Parroquias de Redondela están sufrindo xa estas restricións. Non se fixo nada. O BNG aparte de mobilizarse nos Concellos de Soutomaior e Pontecaldelas, levou este tema ó Parlamento Europeo. Tamén pode afectar á Rede Natura 2000 de San Simón. Di que a moción segue tendo sentido.



Sr. Cabaleiro (PSOE): o que pediríamos na moción é que haxa sentido e consenso entre todos os concellos afectados. A moción ten o seu calado e interese. Queremos que o Concello de Redondela se dirixa á Xunta para que se desbote a urxencia para que poidan facerse as cousas doutro xeito.

Preguntámoslle a AER si se pode votar por puntos.

Sra. Amoedo: temos un problema de abastecemento de auga na nosa zona. O falabamos na xuntanza. Non nos imos pronunciar respecto desta captación de 0,35 metros cúbicos por segundo en determinadas zonas mentres non teñamos os informes técnicos. Precisamos ter os informes de impacto ambiental si o hai, si teñen riscos os bancos marisqueiros. Pido que se deixe sobre a mesa. Mentres non teñamos esa información non podemos.

Sr. Covelo (AER): mantemos a moción. Pode ir por puntos sen problema. Aceptamos a emenda do BNG.

A do PSOE non a teremos en conta. Cos informes técnicos é delicado.

A situación que comenta a sra. Amoedo é porque houbo unha presión de Pontecaldelas e Soutomaior.

Fernando Cobo da USC di que unha mala xestión agrava a situación e a solución non é o transvasamento. Existen outras alternativas.

Sr. González: enviamos por correo as dúas emendas.

Alcalde: ningún dos grupos PP e PSOE manifestou a intención de voto. Admítese explicación de voto.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación por puntos a moción antes transcrita coa emenda proposta polo BNG:

Páxina: 37

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



1º Punto da Moción:

“1º Que o concello de Redondela curse unha denuncia contra á Xunta de Galicia por delito ambiental e por agredir o ecosistema do río Verduxo e dos nosos bancos marisqueiros sen sequera estudos de impacto ambiental.”

Sometido este punto a votación, resulta rexeitada sendo 09 votos en contra do PP, 05 votos a favor (04 de AER e 1 do concelleiro non adscrito) e 7 abstencións (06 do PSOE e 1 do BNG).

Explicación de voto do GPM do PP. Sra. Amoedo: non entendemos o sentido de votar a favor de que se denuncia algo que non se fixo.

2º Punto da Moción

“2º Que o concello de Redondela empregue os seus servizos xurídicos e tódolos mecanismos legais e administrativos existentes para defender os seus veciños e os seus sectores marisqueiros da agresión que suporía este transvase.”

Sometido este punto a votación, resulta aprobado sendo 15 votos en favor do (09 do PP, 04 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 06 abstencións do PSOE.

Sra. Amoedo: si os informes son negativos entendemos que se defendan os marisqueiros.

3º Punto da Moción:

“3º O concello de Redondela se dirixa a Augas de Galicia, a Presidencia da Xunta e a Consellería de Medio Ambiente esixindo a inmediata paralización deste transvase e a procura de solucións sensatas, ecolóxicas e sostibles para a xestión da auga na nosa contorna.”

Páxina: 38

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Sometido este punto a votación, resulta aprobado sendo 12 votos en favor do (06 do PSOE, 04 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 09 votos en contra do PP.

Amoedo: non é un transvasamento, é unha captación. Non é algo que vaia ser real neste intre, por iso votamos en contra.

4º Punto da Moción:

“4º Que o concello de Redondela denuncie á Xunta de Galicia por empregar a vía administrativa de urxencia para impoñer este transvase sen se dar os requisitos na lexislación vixente.”

Sometido este punto a votación, resulta aprobado sendo 12 votos en favor do (06 do PSOE, 04 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 09 votos en contra do PP.

Sra. Amoedo: me remito ó punto primeiro.

5º Punto da Moción:

5º Que o concello de Redondela apoie ás diferentes manifestacións en contra do transvasamento de auga que se pretende facer do río Verduxo.

Sometido este punto a votación, resulta rexeitada sendo 09 votos en contra do PP, 06 votos a favor (04 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 06 abstencións do PSOE .

Sra. Amoedo: Entendemos que aínda non se vai facer.



6º Punto da Moción:

“6º Que o concello de Redondela tome as medidas oportunas para que a empresa concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento, Saneamento e Depuración de Augas Residuais, detecte e acometa de xeito inmediato tódalas actuacións necesarias para a reparación das fugas de auga da rede municipal de abastecemento.”

Sometido este punto a votación, resulta aprobado por unanimidade.

Emendas do BNG

7º Que o Concello de Redondela, poña en marcha un Plan de Medidas de Aforro e Consumo Responsábel da Auga, que chegue a edificios públicos, consumidores/as, e diferentes empresas e grandes consumidores de auga.

8º Que o concello de Redondela, en colaboración coas Comunidades e Traídas de auga, poña en marcha un Plan de Aforro e Subministración nas diferentes parroquias.

Sometidas as emendas presentadas polo BNG a votación, resultan aprobadas por unanimidade.

En explicación de voto do GPM do PSOE, o Sr. Cabaleiro di que consideran necesario que o Concello de Redondela se dirixa á Xunta e a Augas de Galicia para que se desbote a vía de urxencia.



6.4 Rogos e preguntas.

PREGUNTAS:

O sr. Alcalde di que das preguntas pendentes do mes pasado lles fai entrega por escrito das respostas. Hai algunhas que se contestaron por correo electrónico.

O sr. Alcalde di que nesta sesión as preguntas que presentou o PSOE entraron fóra de prazo. Explica que AER ten dúas preguntas: sobre ascensores e sobre páxinas en redes sociais.

Preguntas formulada por AER relativas a varios asuntos (Rex. Entrada 27.12.2017, 2017-E-RPLN-12).

O sr. Covelo dá lectura da seguinte pregunta:

“Sobre o ascensor do aparcadoiro da Xunqueira

Hai uns días produciuse a posta en funcionamento do novo acceso peonil ao aparcadoiro da Xunqueira, adaptado para persoas con diversidade funcional.

Na radio municipal informábase por parte do goberno local desta actuación nos seguintes termos: A nova entrada dispón dun ascensor que comunica a vía pública cos sotos -1 e -2 e un "casetón" de entrada ao aparcadoiro. Ademais proxéctase un aseo adaptado a persoas con mobilidade reducida, no primeiro soto, e dúas prazas adaptadas no soto segundo.

A obra, que tivo un orzamento de 30.805,31€, "vén de cumprir cunha das prioridades do Goberno local: a eliminación da barreiras e o reto de lograr a accesibilidade plena de todas as persoas coma una necesidade para garantir a igualdade", subliñou a concelleira de Benestar Social.

Páxina: 41

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Desta nova pódese chegar a entender que foi o Concello de Redondela quen realizou e abonou esta obra e que mesmo a actuación forma parte dos traballos de mellora da accesibilidade que o propio concello ten a obriga de realizar anualmente.

En resolución de alcaldía 2017-1399 con data 07/06/2017 indicábase que se autorizan as obras instadas por Estacionamento Redondela S.L. para a construción de casetón de entrada a aparcadoiro e adaptación do núcleo de escaleiras para acceso de persoas con mobilidade reducida, situado no Paseo da Xunqueira. Ou sexa, a concesionaria do aparcadoiro solicitou autorización para poder realizar unhas obras das que é responsables.

Así pois, PREGUNTAMOS:

Poderíamos saber se o Concello de Redondela tivo algunha intervención directa na execución destas obras ou se asumiu parte ou a totalidade do gasto tal como se podería deducir a priori da nova da radio municipal?"

A sra. Amoedo responde que o Alcalde mantivo moitas xuntanzas coa concesionaria do parking para que dunha vez por todas puxeran en marcha este ascensor. Fíxose sen custo para o Concello, asumíuno a concesionaria.

O sr. Covelo dá lectura da seguinte pregunta:

“Sobre publicación de información do Concello en páxinas de redes sociais privadas.

No eido das redes sociais hai diversas páxinas que difunden información das actividades que se realizan en toda Redondela, de actividades e eventos organizados por entidades e polo propio Concello de Redondela. Esta situación é de interese para dar difusión aos diversos eventos e lograr afluencia de asistentes e a revalorización do evento.

Páxina: 42

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Non obstante vimos detectando dende hai tempo un perfil de facebook privado (“Redondela Conta”), que se declara a si mesmo “non institucional”, e que a máis da típica información de eventos e actividades ven publicando información do traballo diario dentro do concello, fotografías de traballadores/as do concello na súa labor cotiá, imaxes de empresas subcontratadas realizando traballos para o Concello de Redondela, reportaxes con información e imaxes de actos onde ningún medio de comunicación ten asistido e mesmo non se dá cabida a outros xestores de páxinas de redes sociais a estar presentes.

En moitos dos casos este perfil privado de facebook informa, obtén e difunde traballos realizados polos/as traballadores/as do concello en horario laboral e en espazos non públicos (colexios ou aulas dos multiusos); informa, entrevista e difunde campañas realizadas con cartos públicos polos membros do equipo de goberno mentres que no perfil oficial do Concello de Redondela non hai constancia nen información de nengunha destas noticias.

AER nun recente rogo propuxo que se cambiase de responsable do mantemento e publicación da información do facebook oficial do Concello de Redondela. Comprobamos con esta situación que comentamos, unha persoa allea ao goberno municipal que xestiona un perfil non institucional estrañamente ten máis información e máis acceso á labor diaria do Concello que a propia persoa responsable da xestión do facebook oficial que foi contratada para estar ao tanto de todo o que lle encomende o Alcalde. Ou sexa, estamos ante unha situación de total deixadez de funcións.

Nas últimas entradas do perfil de Redondela Conta pódese observa:

- Recollida do premio “Concello Recicla-Activo” en dependencias municipais, cando no perfil oficial non aparece nada ao respecto.*
- Vídeos publicitarios dos Concelleiros do goberno local sobre as súas áreas, realizados durante a súa xornada laboral pola persoa que xestiona esta páxina de rede social privada.*

Páxina: 43

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



- *Imaxes dos concelleiros/as visitando obras do Concello de Redondela durante a xornada laboral .*
- *Imaxes, por exemplo, do Obradoiro REDemprega onde sae o alcalde, concelleira e alumnos do obradoiro durante a realización do seu traballo.*
- *Etc.*

PREGUNTAMOS:

Ten o goberno local coñecemento de que persoas alleas ó Concello de Redondela que xestionan redes sociais privadas acceden ás dependencias municipais para sacar fotografías dos traballos que se realizan nestas, mesmo de traballadoras/es?

Existe algún tipo de convenio ou autorización entre o goberno local e os xestores destas páxinas para que saquen imaxes e publiquen información nas redes sociais?

Como é posible que persoas alleas ao Concello teñan información e acceso privilexiado a información e actos do concello fronte aos xestores da páxina de facebook oficial do Concello?

Ten o Concello de Redondela control sobre o acceso e difusión por parte dunha persoa allea á Administración local dos datos dos seus traballadores protexidos mediante a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, Lei de Protección de Datos de Carácter Personal?"

A Sra. Amoedo responde que hai moita xente que vén ó Concello saca fotos en determinados actos e eventos e as publica, basicamente medios de comunicación e logo o publican. Nas páxinas non sei a cales se refire vostede. Dos xestores da páxina de Facebook non temos constancia.



Preguntas formulada por AER sobre cambios lixo en Negros (Rex. Entrada 29.11.2017, 2017-E-RPLN-11).

“Pregunta de AER sobre cambios lixo en Negros

Dende fai xa un tempo na explanada das obras do AVE, na parroquia de Negros, a uns 50 metros do Río Maceiras estanse a producir cambios de lixo por parte de Urbaser duns camións a outros, mesmo deixando lixo nos contenedores alí dispostos para que máis tarde un camiión con maior capacidade de carga pase a recoller ese lixo. Esta situación está a provocar diversos problemas aos veciños da zona así como o medio ambiente, tal como:

-Ruídos que afectan o descanso dos veciños.

-Po en suspensión xa que o lugar non está adaptado o que alí se realiza.

-Presenza de ratas.

-Mal olor na zona todo o día dado o estado deplorable dos contenedores.

-Animais como xabarís ou raposos lévanse as bolsas polos terreos lindeiros acabando moitas delas no propio Río Maceiras.

-Rotura das arquetas da zona así como danos no pavimento.

Tendo en conta que ademais esta zona é unha das poucas da parte baixa da parroquia onde as/os nenos/as poden ir xogar coas bicicletas ou outros xogos.

PREGUNTAMOS

Que medidas ten pensado tomar o concello para que non se volvan producir estes feitos e darlle solución inmediata?”

Resposta: o sr Álvarez di que existe un acordo que ten URBASER con ADIF de poñer alí provisionalmente o lixo que se saca da vila. Cando se cambie o sistema agora, esperamos que se arranxe e non usen a parcela. Hai outras cousas que non estou de acordo co que din os veciños.

Páxina: 45

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



ROGOS:

O sr. Alcalde di que queda constancia dos ROGOS DE AER, que se transcriben a continuación.

Rogos formulado por AER sobre varios temas (Rex. Entrada 27.12.2017, 2017-E-RPLN-13).

ROGO

Sobre reiterados desperfectos construtivos no parque infantil da Alameda

Unha vez máis vimos de comprobar que a senda que atravesa o parque infantil da Alameda está totalmente deteriorada. Xa non é a primeira vez, mesmo ao pouco de rematar a construción do parque xa se levantou esa senda. Queda constatado que a solución construtiva non foi para nada axeitada polo elevado custe de mantemento que supón.

ROGAMOS que se reclame á empresa construtora o arranxo da senda do parque infantil da Alameda e que previamente se avalía outra solución construtiva máis permanente e con baixo custe de mantemento.

Sobre toponimia parroquias de Redondela

O Concello de Redondela elaborara no seu día uns estudos sobre a toponimia de diversas parroquias. Esta actividade considerámola de grande importancia para recompilar, conservar e mesmo recuperar a toponimia e microtoponimia dos diferentes lugares de cada parroquia, quedando como un importante legado dos valores inmateriais da parroquia de cara ás xeracións vindeiras. Desafortunadamente estes traballos paráronse e non se seguía con esta labor ata cubrir a totalidade das parroquias. Tal vez a elaboración do PXOM estea detrás desta situación, esperando equivocadamente que neste documento se recolla esa información dos lugares das parroquia.

Dende AER consideramos que non é suficiente coa información que se poida recompilar nun PXOM pois toda aquela microtoponimia nunca se vería

Páxina: 46

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



reflectida e a que poida aparecer, non viría asociada cunha delimitación coidadosa nin cun estudo asociado a esa denominación ou topónimo.

Tamén dende AER botamos en falla que os estudos xa existentes non se poñan de xeito sinxelo a disposición de tódala veciñanza de Redondela, aproveitando a grande potencialidade da web oficial do Concello de Redondela.

ROGAMOS que se retomen os traballos sobre toponimia nas parroquias de Redondela onde non se teñan realizado xa, aproveitando as posibles axudas específicas que saian ao respecto, e que estes estudos sexan postos a disposición da veciñanza a través da páxina web do concello no apartado do departamento de Cultura.

Sobre a correcta redacción de escritos oficiais do Concello

Dende hai xa ben anos, o Concello de Redondela conta cun Servizo de Normalización Lingüística a disposición de tódalas veciñanza e, como non, tamén a disposición de todo traballador do concello e membros da corporación local. En numerosas ocasións vense observando que as comunicacións e escritos oficiais do Concello adoecen dunha certa incorrección gramatical e ortográfica. A modo de exemplo, a mensaxe recibida polos grupos políticos dende alcaldía o 23 de decembro convocando a Xunta de voceiros, e que dicía tal que así:

Boa tarde, lles recordamos que o vindeiro martes día 26 ás 8:30 horas se celebrará a xunta de voceiros para a preparación do pleno do xoves.

Un saúdo

Cando unha redacción máis correcta pasaría por:

Boa tarde, recordámoslles que o vindeiro martes día 26 ás 8:30 celebrarase a Xunta de voceiros para a preparación do pleno do Xoves.

Un saúdo



ROGAMOS que se dean as instrucións oportunas para que os escritos e comunicacións oficiais do Concello de Redondela sexan redactado coa maior rigorosidade gramatical e ortográfica posible, facendo uso do Servizo de Normalización Lingüística en caso de dúbidas ou para que realicen a oportuna revisión dos textos.

Rogos formulado por AER sobre a Constitución do Consello da Infancia (Rex. Entrada 29.11.2017, 2017-E-RPLN-9).

ROGO

Sobre a constitución do Consello da Infancia.

Fai un ano e oito meses, esta Agrupación presentaba no Pleno ordinario de marzo de 2016 unha moción sobre a Adhesión ao Programa “Cidades Amigas da Infancia” promovida por UNICEF.

- Os obxectivos deste Programa son:
- Promover a creación de plans locais da infancia e adolescencia.
- A participación cidadá dos nenos na vida municipal
- Impulsa todo tipo de políticas municipais tendentes a favorecer o desenvolvemento dos dereitos da infancia e a adolescencia

E dinamizar a colaboración cidadá e a coordinación institucional, como vías para facilitar a mellora continua e o desenvolvemento destas políticas. Despois de agardar máis de ano e medio para que se puxera en marcha o Programa e se iniciara coas actividades que promovan a participación infantil no eido do noso municipio, como foi no Pleno Infantil celebrado o 22 de novembro.

ROGAMOS que poñades en marcha o antes posible a constitución do Consello da Infancia e así non deixar esquecidas as propostas tan ben traballadas e expostas polas nenas e nenos no Pleno Infantil.

Páxina: 48

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e sete minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.

Páxina: 49

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894